

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 4 DE NOVEMBRO DE 2020

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e tres minutos do día catro de novembro de dous mil vinte, baixo a presidencia do señor alcalde, don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta, de UxC; don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parcero Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei, do PSdeG-PSOE; don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe, do PP; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites, de AV; e integrando o Grupo Mixto, dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's.

Non asiste, con escusa, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, do PSdeG-PSOE.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona Maria Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión extraordinaria do Pleno municipal do día 4 de novembro de 2020, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_202011041903390000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Proposta de modificación da Ordenanza fiscal núm. 1 reguladora do imposto sobre bens inmobles

Acceso á videoacta – 00:00:08 horas

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 29 de outubro de 2020, que consta do seguinte teor literal:

“No ano 2014 entrou en vigor unha nova Ponencia de Valores aplicable aos inmobles deste municipio. Durante os anos seguintes, aprobáronse rebaixas nos tipos impositivos co obxecto de neutralizar na medida do posible, o incremento das cotas dos contribuíntes, na procura de que a revisión catastral non supuxera unha maior presión fiscal da existente antes da mesma. Tendo en conta que a base liquidable incrementábase cada ano nun 10% da diferenza entre os valores catastrais antes e despois da revisión, continúa a incrementarse a cota tributaria para os contribuíntes que tiveron incremento dos seus valores catastrais. Isto continuará ata o ano 2024 incluído.

O tipo impositivo vixente para o presente exercicio 2020 non foi modificado, coincidindo co aplicable en 2019, feito que da lugar a un aumento apreciable na cota do IBI de 2020. Polo que, para seguir a neutralizar este aumento da cota, a corporación municipal propón, en relación ao IBI, a aplicación dun tipo impositivo máis baixo para os inmobles urbanos e rústicos, que compense no posible dito aumento. Así, pasaríase a aplicar un tipo impositivo xeral do 0,48 %, en lugar do 0,50 % vixente para os inmobles de natureza urbana e o mesmo tipo impositivo do 0,48 % para os inmobles de natureza rústica.

O Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sinala nos seus artigos 15 a 19 o procedemento para aprobar e modificar as ordenanzas fiscais reguladoras dos tributos locais.

O artigo 16.1 do devandito texto legal determina que os acordos de modificación das ordenanzas reflectirán a nova redacción das normas afectadas e as datas da súa aprobación e do comezo da súa aplicación.

Por todo isto, propónse ao Pleno que adopte os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación do artigo 2 da Ordenanza Fiscal nº 1 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis, quedando redactado do seguinte xeito:

Ordenanza fiscal nº 1 reguladora do Imposto sobre bens inmóveis:

Artigo 2º. - Tipos de gravame.

1. O tipo de gravame xeral aplicable aos bens inmóveis urbanos queda fixado no 0,48 por cento.
2. O tipo de gravame aplicable aos bens inmóveis de carácter rústico queda fixado no 0,48 por cento.
3. O tipo de gravame aplicable aos bens inmóveis de características especiais queda fixado no 1,3 por cento.
4. Aplicarase un tipo de gravame diferenciado aos bens inmóveis urbanos de uso non residencial de maior valor catastral, co límite máximo do 10% dos inmóveis de cada uso, como se recolle no artigo 72.4 do RDL 2/2004, de 5 de decembro.
 1. Tipo de gravame aplicable aos bens inmóveis urbanos de uso "industrial": 0,70%
Umbral de valor catastral: 341.160,00 euros
 2. Tipo de gravame aplicable aos bens inmóveis urbanos de uso "comercial": 0,70%
Umbral de valor catastral: 112.610,00 euros
 3. Tipo de gravame aplicable aos bens inmóveis urbanos de uso "oficinas": 0,70%
Umbral de valor catastral: 222.300,00 euros
 4. Tipo de gravame aplicable aos bens inmóveis urbanos de uso "obras de urbanización e xardinería, solos sen edificar": 0,90%
Umbral de valor catastral: 25.090,00 euros
 5. Tipo de gravame aplicable aos bens inmóveis urbanos de uso "sanidade": 0,70%
Umbral de valor catastral: 627.750,00 euros
 6. Tipo de gravame aplicable aos bens inmóveis urbanos de uso "almacén": 0,70%
Umbral de valor catastral: 83.490,00 euros
 7. Tipo de gravame aplicable aos bens inmóveis urbanos de uso "ocio-hostalería": 0,70%
Umbral de valor catastral: 526.900,00 euros

Segundo.- A antedita modificación comezará a aplicarse a partir do día seguinte á publicación do anuncio no boletín oficial da provincia da súa aprobación definitiva, e manterase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

Terceiro.- Expoñer ao público no taboleiro de anuncios do Concello o citado acordo provisional, así como o texto completo da ordenanza fiscal modificada durante o prazo de trinta días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia. Igualmente publicarase o de exposición nun diario dos de maior difusión da provincia.



Durante o período de exposición pública da ordenanza, os que teñan un interese directo, nos termos previstos no artigo 18 do Real decreto legislativo 2/2004, poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións oportunas. Transcorrido o período de exposición pública sen presentar reclamacións, os acordos adoptados quedarán definitivamente aprobados.

Cuarto.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo definitivo que, unha vez transcorrido o período de exposición pública proceda adoptar, así como o texto da ordenanza modificada.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico de data 30 de outubro de 2020.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parcero Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's). Abstéñense os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández).

O Pleno municipal, por dezaoto votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2. Toma de coñecemento do Regulamento de control interno do Concello de Cambre

Acceso á videoacta – 00:24:31 horas (conxuntamente co punto 3 da orde do día)

Vista a proposta da Alcaldía, de data 30 de outubro de 2020, que consta do seguinte teor literal:

“Tendo en conta a previsión contemplada no artigo 219.2 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 13 do Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime do control interno nas entidades do sector público local, en canto establecen que o Pleno da entidade local poderá acordar o réxime de fiscalización e intervención limitada previa, previo informe do órgano interventor, a proposta do presidente da entidade.

Visto o informe emitido polo interventor municipal con data 29 de outubro de 2020 de aprobación do Regulamento de control interno e do Plan Anual de Control Financeiro para 2021, así como proposta de acordo de establecemento do Réxime de fiscalización limitada previa.

É polo que se propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Único: Tomar coñecemento do Regulamento de control interno do Concello de Cambre aprobado polo interventor municipal.”

Vista a toma de coñecemento polos concelleiros asistentes á Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico de data 30 de outubro de 2020.

Os vinte concelleiros asistentes á sesión do Pleno municipal toman coñecemento do Regulamento de control interno do Concello de Cambre aprobado polo interventor municipal.

3. Toma de coñecemento do Plan anual de control financeiro para o exercicio 2021 do Concello de Cambre

Acceso á videoacta – 00:24:31 horas (conxuntamente co punto 2 da orde do día)

Vista a proposta da Alcaldía, de data 30 de outubro de 2020, que consta do seguinte teor literal:

“Tendo en conta a previsión contemplada no artigo 219.2 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 13 do Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime do control interno nas entidades do sector público local, en canto establecen que o Pleno da entidade local poderá acordar o réxime de fiscalización e intervención limitada previa, previo informe do órgano interventor, a proposta do presidente da entidade.

Visto o informe emitido polo interventor municipal con data 29 de outubro de 2020 de aprobación do Regulamento de control interno e do Plan Anual de Control Financeiro para 2021, así como proposta de acordo de establecemento do Réxime de fiscalización limitada previa.

É polo que se propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Único: Tomar coñecemento do Plan anual de control financeiro para 2021 do Concello de Cambre, aprobado polo interventor municipal.

Vista a toma de coñecemento polos concelleiros asistentes á Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico de data 30 de outubro de 2020.

Os vinte concelleiros asistentes á sesión do Pleno municipal toman coñecemento do Plan anual de control financeiro para o exercicio 2021, aprobado polo interventor municipal.

4. Proposta de adopción do acordo de establecemento do réxime de fiscalización limitada previa

Acceso á videoacta – 00:26:13 horas

Vista a proposta da Alcaldía, de data 30 de outubro de 2020, que consta do seguinte teor literal:

“Tendo en conta a previsión contemplada no artigo 219.2 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 13 do Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime do control interno nas entidades do Sector Público local, en canto establecen que o Pleno da entidade local poderá acordar o réxime de fiscalización e intervención limitada previa, previo informe do órgano interventor, a proposta do presidente da entidade.

Visto o informe emitido polo interventor municipal con data 29 de outubro de 2020 de aprobación do Regulamento de control interno e do Plan Anual de Control Financeiro para 2021, así como proposta de acordo de establecemento do Réxime de fiscalización limitada previa.

É polo que se propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Único: Establecer o Réxime de fiscalización e intervención limitada previa, completada cun control posterior, respecto dos expedientes municipais da forma seguinte:

1.- A fiscalización previa de dereitos substitúese pola inherente á toma de razón en contabilidade e por actuacións comprobatorias posteriores mediante a utilización de técnicas de mostraxe ou auditoría, de acordo co disposto no artigo 219.4 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

2.- A fiscalización e intervención previa das obrigas ou gastos, de conformidade co disposto no artigo 219.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, realizarase mediante a comprobación dos seguintes extremos:

- a) A existencia de crédito orzamentario e que o proposto é o adecuado á natureza do gasto ou obriga que se propoña contraer.
- b) Nos casos nos que se trate de contraer compromisos de gastos de carácter plurianual comprobarase ademais, se se cumpre o preceptuado no artigo 174 do RDL 2/2004, do 5 de marzo.

- c) Que as obrigas ou gastos se xeran por órgano competente.
- d) O resto de extremos adicionais que estean vixentes por acordo do Consello de Ministros, vixente en cada momento, en relación á fiscalización previa limitada no Estado.
- e) Nos expedientes que resulte preceptivo o informe do artigo 173 do ROF, a existencia do informe favorable.

3.- Naqueles casos que a normativa estableza a necesidade de informe de intervención e o expediente estea suxeito a fiscalización ese informe entenderase subsumido dentro do informe fiscalizador.

As obrigas e gastos sometidos á fiscalización limitada previa serán obxecto doutra plena con posterior, que se levará a cabo no marco das actuacións de control financeiro.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico de data 30 de outubro de 2020.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parcerero Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei) e a concelleira integrante do Grupo Mixto (dona María José García Hidalgo, de C's). Abstéñense os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e a concelleira integrante do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común).

O Pleno municipal, por doce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

5. Proposta de aprobación do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano da Coruña

Acceso á videoacta – 00:44:14 horas

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade, de data 29 de outubro de 2020, que consta do seguinte teor literal:

“Con data 19 de outubro de 2020 ten entrada no rexistro municipal, dirixido pola Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, o texto do *Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Transporte metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano da Coruña*, sendo as Administracións participantes a Consellería de infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia e os concellos de A Coruña, Abegondo, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carballo, Carral, Cerceda, Culleredo, Curtis, Laracha, Miño, Oleiros, Ordes, Oza - Cesuras e Sada, así como o Anexo técnico do convenio.

Tal e como se recolle na parte expositiva do convenio, o transporte público colectivo de persoas non só se configura como servizo público de carácter esencial para a poboación, senón que tamén contribúe á redución da contaminación e da conxestión das nosas cidades e, por tanto, ao incremento da calidade de vida do conxunto da poboación.

Coa finalidade de contribuír ao impulso do sistema de transporte público colectivo, a Xunta de Galicia xunto desenvolveu un primeiro proxecto de mellora do transporte nas sete principais aglomeracións urbanas de Galicia, formalizando na área da Coruña o 2 de marzo de 2005, xunto cos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo e Oleiros, dun primeiro convenio de colaboración para a implantación dun primeiro grupo de medidas de fomento do transporte público.

No ano 2010 formalizase un novo convenio de colaboración con data 22 de outubro entre a Xunta de Galicia e os concellos da Coruña, Oleiros, Arteixo, Culleredo, Sada, Betanzos, Bergondo, Abegondo, Carral e Cambre, acadándose maiores beneficios para os usuarios do transporte metropolitano no seu período de vixencia, como foron o abaratamento dos prezos, a gratuidade para os menores de 20 anos e a despenalización do transbordo.

A formalización deste novo convenio supón o mantemento da colaboración preexistente dando continuidade ao sistema actual de promoción do transporte público colectivo en tanto se procede ao desenvolvemento e implantación dunha Área Única de Transportes de Galicia, momento en que finalizará a vixencia do convenio, segundo se establece expresamente.

Dentro das medidas de fomento do transporte público colectivo o convenio prevé o posible incremento da oferta de transporte público, tanto de Servizos de predominante interese municipal (SIMU) como de Servizos de interese metropolitano (SIME).

No concello de Cambre manteranse as liñas de interese municipal previstas para o convenio anterior, establecéndose que os concellos poderán comunicar á Dirección Xeral de Mobilidade a súa intención de suprimir os ditos servizos. A comunicación deberá efectuarse con, cando menos, tres meses de antelación á data na que se faga efectiva, debendo coincidir esta, agás acordo expreso das partes, co primeiro inicio de ano posterior ao transcurso do dito período de tres meses.

Sendo de interese para esta corporación o mantemento da política de fomento do transporte público colectivo, e abríndose o convenio a posibles modificacións que contribúan a beneficiar a mobilidade dos veciños e veciñas de Cambre na Área.

A medio do presente, formulo ao Pleno a seguinte proposta de acordo a adoptar:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración e anexo técnico a formalizar entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e os Concellos da Coruña, Abegondo, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carballo, Carral, Cerceda, Culleredo, Curtis, Laracha, Miño, Oleiros, Ordes, Oza - Cesuras e Sada, para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano da Coruña para o exercicio 2021 e seguintes.

Segundo.- Consígnese nos orzamentos municipais correspondentes ás anualidades de vixencia do convenio, o crédito necesario para facer fronte as obrigas que se deriven del.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade de data 30 de outubro de 2020.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parcero Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's). Abstéñense os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández).

O Pleno municipal, por dezaioito votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte horas e cincuenta e tres minutos, do que eu, secretaria xeral, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

María Luisa de la Red Ampudia